



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BOIRO

*Anuncio da relación provisional de admitidos e excluídos da praza de policía local por mobilidade*

#### ANUNCIO

#### RELACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS - POLICÍA LOCAL (MOBILIDADE)

Por resolución de alcaldía de data 18/11/2021 aprobose a relación provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo dunha praza de policía local (mobilidade):

“EXPEDIENTE: 1852/2020

DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

#### RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE POLICÍA LOCAL (FUNCIONARIO DE CARREIRA) – QUENDA MOBILIDADE HORIZONTAL

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de novembro de 2020 aprobáronse as bases que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de policía local, funcionario/a de carreira (quenda mobilidade horizontal) correspondente á Oferta de Emprego Público do Concello de Boiro do ano 2019.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 190 de data de 05 de outubro de 2021, no Doga, na páxina web do Concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

Con data 14 de outubro de 2021 o BOE publicou o anuncio de dita convocatoria, abrindo o prazo de presentación de solicitudes.

O 12 de novembro de 2021 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo, ó que se presentaron un total de 5 solicitudes.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobada a documentación esixida nas bases desta convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Por todo canto antecede, RESOLVO:

**Primeiro.**–Declarar provisionalmente admitidos no concurso convocado por acordo da xunta de goberno local de data de 25 de novembro de 2020, que rexe o procedemento para a provisión en propiedade dunha praza de policía local, funcionario/a de carreira (quenda mobilidade horizontal) ós seguintes aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

N.º	DNI	NOME
1	3546	CARLOS VA
2	7686	EMILIO J.F.
3	4483	JOSE A. ALV.
4	3328	JULIO A.M.
5	7677	PEDRO M. AR.

**Segundo.**–Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do Concello [www.boiro.org](http://www.boiro.org), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas, concedendo ás persoas interesadas un prazo de DEZ (10) días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, presentando debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na lista publicada.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

**Terceiro.**–Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, 19 de noviembre de 2021.

O secretario accidental

Severino Abalo Chouza

2021/8163